

MULLERES NO CINE

ACTRICES



Leticia Dolera

«O feminismo é urgente porque nos están matando»

Entrevista de Nínia Navarro en elperiodico.com | Marzo 2018

Katharine Hepburn

«Ser nai e ama de casa é o traballo máis grande do mundo, pero se non che interesa, non o fagas. Eu tería sido unha nai terrible.»

Sara Sálamo



Sara Sálamo utiliza o seu Instagram para denunciar as desigualdades, o acoso e todo tipo de comentarios sexistas dos que somos vítimas as mulleres.

Emma Watson

«Lamentablemente, podo afirmar que non hai ningún país no mundo onde todas as mulleres reciban os seus dereitos con total igualdade. Ningunha nación logrou aínda a equidade de xénero.»

xuño 2022

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1 1926 Nace a actriz e mito de Hollywood, Marilyn Monroe.	2 1899 Nace Charlotte Reiniger, cineasta alemá famosa polos seus filmes de animación con siluetas.	3 1910 Nace Paulette Goddard, en Long Island Nueva York. Actriz estadounidense de cinema mudo e clásico sonoro.	4 1988 Nace Li Man. Actriz china coñecida internacionalmente pola súa participación no filme de Zhang Yimou <i>La maldición de la flor dorada</i> (2006).	5 1946 Nace Stefania Sandrelli. Actriz italiana. Gran interprete de comedia, deuse a coñecer no filme <i>Divorcio a la italiana</i> (1961) de Pietro Germi.
6 1980 Nace Inma Cuesta en Valencia, actriz comprometida na loita pola igualdade entre homes e mulleres.	7 2016 Paloma Sanchez Garriga publica <i>Mi recuerdo es más fuerte que tu olvido</i> obra coa que gaña o Premio Fernando Lara 2016.	8 1950 Nace Sonia María Campos Braga, <i>Sonia Braga</i> , en Maringá, Paraná. Actriz brasileira.	9 1981 Nace Natalie Portman en Israel, actriz, produtora e directora de cine. Comprometida co feminismo.	10 1895 Nace Hattie McDaniel, en Wichita, Kansas. Foi unha actriz e cantante estadounidense, a primeira afroestadounidense en gañar un Óscar.	11 1961 Nace María Barranco, actriz malagueña que se declara feminista.	12 1957 Nace Iciar Bollain directora e actriz madrileña. En 2006 fundou xunto con outras cineastas CIMA, Asociación de Mulleres Cineastas de Medios Visuais.
13 1970 Morre Darla Hood. Foi unha actriz infantil estadounidense, coñecida por interpretar o primeiro papel feminino na serie de comedias <i>La Pandilla</i> entre 1935 e 1941.	14 1890 Nace May Allison, en Georgia (EE. UU.). Actriz teatral e cinematográfica das máis famosas do seu país na época inicial do cine mudo.	15 1963 Nace en Madrid Blanca Portillo, actriz, produtora e directora de teatro. Conta con numerosos premios e recoñecementos teatrais e cinematográficos.	16 1983 Nace Verónica Echegui, en Madrid. Actriz que se deu a coñecer a protagonizar <i>Yo soy la Juani</i> .	17 1920 Nace Setsuko Hara, actriz xaponesa que protagonizou películas de Yasujiro Ozu, Akira Kurosawa, Mikio Naruse...	18 1959 Morre Ethel Barrymore, en Hollywood. Foi unha actriz estadounidense, gañadora do Óscar á Mellor Actriz de Reparto (1945).	19 DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL NOS CONFLICTOS. 1959 Nace Daria Nicolodi, en Florencia. Foi unha actriz e guionista italiana.
20 1954 Nace Georgina Cisquella en Barcelona, xornalista e guionista de documentais, como <i>Hotel explotacións Kellys</i> .	21 DÍA INTERNACIONAL DE EDUCACIÓN NON SEXISTA 1968 Nace María Luisa Ponte, en Valladolid. Actriz de recoñecido prestixio de cine, teatro e TV.	22 1949 Nace Meryl Streep, actriz estadounidense nominada vnte e unha vez aos Óscars.	23 1957 Nace McDormand actriz gañadora do terceiro Óscar en 2021 por actriz protagonista.	24 1947 Nace Agustina González López en Gorafe, Granada, actriz de fotonovelas, bailarina e modelo.	25 1941 Nace Jutta Bruckner, directora, guionista e produtora alemá que cre que "o cinema empodera ás mulleres".	26 1897 Nace Viola Dana. Foi unha actriz cinematográfica estadounidense que destacou principalmente na época do cinema mudo.
27 1940 Nace Silvia Santelices, en Santiago (Chile). Actriz e directora de teatro, cine e televisión. Pioneira nas telenovelas do seu país.	28 DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO DE LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS E BISEXUAIS (LGTIB).	29 2003 Morre Katharine Hepburn, actriz estadounidense coñecida por negarse a cumprir coas expectativas que a sociedade tiña para as mulleres.	30 2005 "Lei de reforma do código civil", permite o matrimonio entre persoas do mesmo sexo.			

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

